

GR/ao

<b>EXPEDIENTE</b>	2022002833
<b>ASUNTO</b>	APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
<b>TRÁMITE</b>	RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O Deputado Delegado en materia de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, co seguinte teor literal

*"O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 8o da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva a seguinte*

### **PROPOSTA**

#### **OBXECTO**

*A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de tramitar e aprobar o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Deputación Provincial de Pontevedra*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO**

*O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa Next Generation EU, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus. O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), establecido a través do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, é o núcleo deste Fondo de Recuperación.*



*O MRR ten catro obxectivos: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar as transicións ecolóxica e dixital.*

*Para alcanzar eses obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, que inclúe as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español (en diante PRTR) ten catro eixos transversais que se vertebran en 10 políticas panca dentro das cales se recollen trinta compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Estes catro eixos son: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero.*

*Para facer efectivas as iniciativas expostas no PRTR, as Administracións Públicas deben adaptar os procedementos de xestión e o modelo de control. Algunhas medidas de axilización establecéronse mediante o Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do PRTR. Ademais, é necesaria a configuración e desenvolvemento dun sistema de xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea. Para iso aprobouse a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

*Entre as súas previsións destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6, en consonancia co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, de 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa a que toda entidade decisoria ou executora que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun "Plan de medidas antifraude" que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.*

*Este plan deberá aprobarse pola entidade decisoria ou executora nun prazo inferior a 90 días desde a entrada en vigor da Orde ou, no seu caso, desde que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.*



*A estes efectos, como entidade executora ou órgano xestor segundo proceda en cada caso, a Deputación Provincial de Pontevedra dótase do correspondente Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que ten como obxectivo establecer os principios e as normas que serán de aplicación e observancia en materia antifraude, anticorrupción e a fin de evitar os conflitos de intereses, en relación cos fondos provenientes do MRR, á vez que supón un punto de inflexión como modelo de referencia a adoptar de forma estable na xestión dos restantes recursos públicos asignados a esta Deputación Provincial.*

*Este plan estrutúrase ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución, e será de aplicación a todos os órganos e a todo o persoal da Deputación Provincial de Pontevedra que interveña na xestión de fondos provenientes do MRR.*

*A estrutura do Plan segue as directrices reflectidas na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e estruturase en torno a oito puntos:*

- 1. Caracterización da Deputación de Pontevedra*
- 2. Compromiso de integridade e marco ético institucional*
- 3. Definicións de Fraude, corrupción, conflito de intereses e irregularidade*
- 4. Comisión Antifraude*
- 5. Identificación e avaliación de riscos de xestión*
- 6. Estruturación e definición das medidas antifraude*
- 7. Seguimento e modificación do plan*
- 8. Especial referencia ao conflito de intereses*

*Coa aprobación deste Plan a Deputación Provincial de Pontevedra adopta unha política de tolerancia cero coa fraude, establecendo un sistema de control interno deseñado para previr e detectar, no posible, calquera actuación fraudulenta e, no seu caso, emendar as súas consecuencias, asumindo para iso os principios de integridade, imparcialidade e honestidade no exercicio das súas funcións.*

*Neste sentido, realízase unha autoavaliación que identifica os riscos específicos, o seu impacto e a probabilidade de que ocorran, elaborouse un procedemento para tratar os conflitos de intereses, defínense os indicadores de fraude ou sinais de alerta (bandeiras vermellas), existe*



*unha canle para que calquera interesado poida presentar denuncias e, nos casos oportunos, o procedemento para poñer en coñecemento das Autoridades Públicas nacionais ou da Unión Europea ou ante a fiscalía e os tribunais competentes os posibles feitos punibles.*

*Así mesmo, para asegurar unha correcta aplicación das medidas antifraude na Deputación de Pontevedra, constituirase a Comisión Antifraude, de composición eminentemente técnica, sen prexuízo de que a Presidencia da mesma recaia en persoal corporativo, e integrada por funcionarios con especial capacitación.*

*En canto ao procedemento para a súa elaboración, tramitación e aprobación, ao tratarse dun instrumento de carácter organizativo, non son preceptivos os trámites de consulta, audiencia e información pública previstos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; así mesmo, ao non ter a configuración xurídica de Ordenanza/Regulamento (artigo 49 LBRL), tampouco sería necesario sometelo a aprobación inicial e a información pública por 30 días hábiles, sendo suficiente a aprobación polo órgano competente e a súa publicación polas canles habituais (portal transparencia/sede electrónica, BOPPO etc...).*

## **CONCLUSIÓN**

*Á vista do exposto, propónse a tramitación e aprobación do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos expostos no corpo do presente informe."*

Visto o informe do Secretario, de data 26 de xaneiro de 2022, co seguinte teor literal: "*En relación co proxecto de Plan de prevención de riscos de xestión e medios antifraude de Deputación e a petición do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, maniféstase:*

- 1. Dito Plan confórmase como un instrumento propio de autoorganización sen ningunha pretensión normativa estando configurado en parte, como un protocolo de actuación.*
- 2. O órgano competente para a súa aprobación é a Presidencia e por delegación o deputado delegado.*



*3. Préstase conformidade ó informe do xefe do servizo de data 25 de xaneiro de 2022 que figura no expediente e por conseguinte enténdese correcto xuridicamente para os fins previstos.”*

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención Xeral, de data 27 de xaneiro de 2022, en relación ao informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 25 de xaneiro de 2022, relativo á aprobación do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vistos os antecedentes mencionados, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de data 1 de agosto de 2019, de delegación de competencias da Presidencia,

### RESOLVO

**Primeiro.** Aprobar o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Deputación Provincial de Pontevedra que se xunta á presente Resolución como parte integrante da mesma.

**Segundo.** Trasladar a presente Resolución a Presidencia, Vicepresidencia e a todos os Servizos e Centros xestores da Deputación Provincial de Pontevedra, e publicar na páxina web e no portal de transparencia.

**Terceiro.** Dar conta á Xunta de Goberno na primeira sesión que celebre.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.



## PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

### PRÓLOGO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa Next Generation EU, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus. O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), establecido a través do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, é o núcleo deste Fondo de Recuperación.

O MRR ten catro obxectivos: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar as transicións ecolóxica e dixital.

Para alcanzar eses obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, que inclúe as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español (en diante PRTR) ten catro eixos transversais que se vertebran en 10 políticas palanca dentro das cales se recollen trinta compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Estes catro eixos son: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero.

Para facer efectivas as iniciativas expostas no PRTR, as Administracións Públicas deben adaptar os procedementos de xestión e o modelo de control. Algunhas medidas de axilización establecéronse mediante o Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do PRTR. Ademais, é necesaria a configuración e desenvolvemento dun sistema de xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea. Para iso aprobouse a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Entre as súas previsións destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6, en consonancia co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, de 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa a que toda entidade decisoria ou executora que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun “*Plan de medidas antifraude*” que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

A estes efectos, como entidade executora ou órgano xestor segundo proceda en cada caso, a Deputación Provincial de Pontevedra dótase do correspondente Plan de Medidas Antifraude cuxo contido figura a continuación e que ten como obxectivo establecer os principios e as normas que serán de aplicación e observancia en materia antifraude, anticorrupción e a fin de evitar os conflitos de intereses, en relación cos fondos provenientes do MRR, á vez que supón un punto de inflexión como modelo de referencia a adoptar de forma estable na xestión dos restantes recursos públicos asignados a esta Deputación Provincial.



## PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

### ÍNDICE

1. CARACTERIZACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
  - 1.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
  - 1.2 RECURSOS FINANCIEROS.
  - 1.3 RECURSOS HUMANOS
2. COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO INSTITUCIONAL
3. DEFINICIÓNS DE FRAUDE, CORRUPCIÓN, CONFLITO DE INTERESES E IRREGULARIDADE
  - 3.1. Fraude
  - 3.2. Corrupción activa
  - 3.3. Corrupción pasiva
  - 3.4. Conflito de intereses
  - 3.5. Irregularidade
4. COMISIÓN ANTIFRAUDE
  - 4.1. Composición
  - 4.2. Funcións da comisión
  - 4.3. Réxime de reunións
5. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN
6. ESTRUTURACIÓN E DEFINICIÓN DAS MEDIDAS ANTIFRAUDE
  - 6.1. Medidas de prevención





6.1.1. Avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave da execución do PRTR

- a) Cuestionario de autoavaliación relativa ao estándar mínimo (Anexo I) desenvolvido con arranxo ao Anexo II.B.5 da Orde HFP/1030/2021
- b) Desenvolvemento dunha cultura ética e aprobación dun código de conduta das empregadas e dos empregados públicos (Anexo II)
- c) Plan de formación e concienciación para toda a Deputación e implicación das autoridades da organización

6.1.2. División de funcións nos procesos de xestión, control e pago

6.1.3. Mecanismos para a avaliación do risco de fraude

6.1.4. Os sistemas internos de control e a análise de datos

6.1.5. Cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados

6.2. Medidas de detección

6.2.1. Uso de bases de datos

6.2.2. Definición de indicadores de fraude ou sinais de alerta (Anexo III).

6.2.3. Procedemento para a súa aplicación efectiva

6.2.4. Caixa de correos de denuncias.

6.3 Medidas de corrección

6.3.1 Procedemento a seguir ao detectarse unha posible fraude

6.4 Medidas de persecución

6.4.1 Procedemento para o seguimento dos casos sospeitosos e a correspondente recuperación dos fondos UE gastados fraudulentamente

## 7 SEGUIMIENTO E MODIFICACIÓN DO PLAN



## 8 ESPECIAL REFERENCIA AO CONFLITO DE INTERESES

### 8.1 Definición e características

### 8.2 A declaración de ausencia de intereses (DACI) anexo IV

### 8.3 Procedemento para abordar a prevención e corrección de conflitos de intereses (apartados 1 e 2 do artigo 61 do regulamento financeiro da UE)

#### 8.3.1 Medidas de prevención do conflito de intereses

#### 8.3.2 Medidas de corrección e persecución

ANEXO I – CUESTIONARIO BÁSICO DE AVALIACIÓN DO RISCO

ANEXO II – CÓDIGO DE CONDUCTA DAS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

ANEXO III – BANDEIRAS VERMELLAS NA LOITA CONTRA A FRAUDE

ANEXO IV – DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

ANEXO V- TÁBOA DE RISCOS



## 1. CARACTERIZACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

### 1.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A Deputación de Pontevedra créase a partir do Real Decreto de 21 de setembro de 1835 e na acta do 12 de febreiro de 1836 consta o seu nacemento como Administración á que lle corresponde o goberno, administración e prosperidade da provincia.

Pontevedra, aínda sendo a menor das catro provincias galegas, conta coa maior poboación relativa de toda Galicia, repartida entre os 61 concellos que a forman.

Desde 1836 a Deputación centra a súa actividade principalmente en tres accións: administrativa, económica e técnica, todas e cada unha delas necesarias para que a institución acade o bo goberno económico e político da provincia. A súa base electoral radica nos trece partidos xudiciais que, á súa vez, se agrupan en sete xuntas electorais.

Funcións da Deputación, artigo 31 da LBRL:

A provincia é unha Entidade local determinada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Son fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e en particular:

-Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal

-Participar na coordinación da Administración local coa da comunidade autónoma e a do Estado

Son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:



- a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.
- b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención.
- c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.
- d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.
- e) O exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis.
- f) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
- g) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
- h) O seguimento dos custos efectivos dos servizos prestados polos municipios da súa provincia. Cando a Deputación detecte que estes custos son superiores aos dos servizos coordinados ou prestados por ela, ofrecerá aos municipios a súa colaboración para unha xestión coordinada máis eficiente dos servizos que permita reducir estes custos.



i) A coordinación mediante convenio, coa Comunidade Autónoma respectiva, da prestación do servizo de mantemento e limpeza dos consultorios médicos nos municipios con poboación inferior a 5000 habitantes.

Para os efectos do disposto nas letras a), b) e c) do apartado anterior, a Deputación Provincial:

- a) Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.
- b) Asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmulas de asistencia e cooperación municipal.

Con esta finalidade, as Deputacións ou entidades equivalentes poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

- c) Garante o desempeño das funcións públicas necesarias nos Concellos e préstalles apoio na selección e formación do seu persoal sen prexuízo da actividade desenvolvida nestas materias pola Administración do Estado e a das Comunidades Autónomas.
- d) Dá soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles encoméndenllas.

Pola súa banda, a organización provincial responde ás seguintes regras:

A/O Presidenta/Presidente, os/as Vicepresidentes/as, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións.

Así mesmo, existirán en todas as Deputacións órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o



seguimento da xestión do/a Presidente/a, a Xunta de Goberno e as/os Deputadas/os que ostenten delegacións, sempre que a respectiva lexislación autonómica non prevexa unha forma organizativa distinta neste ámbito e sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de Deputados pertencentes aos mesmos, en proporción ao número de Deputados/as que teñan no Pleno.

O Pleno é o máximo órgano de goberno e ten entre as súas competencias aprobar as actuacións e as políticas institucionais da Deputación. Está composto por 27 deputadas e deputados, representantes de todo o territorio, e presidido pola presidenta do organismo provincial.

Entre as súas funcións principais destacan:

- A aprobación e modificación dos orzamentos
- Aprobación dos plans de carácter provincial
- A adquisición e alleamento de bens

O Pleno para o mandato 2019-2023 constituíuse na sesión do 3 de xullo de 2019.

## **1.2 RECURSOS FINANCEIROS**

A Deputación Provincial de Pontevedra dispón dun orzamento para o ano 2022 de 175.796.471,00 €, conforme ao seguinte detalle:



### ESTADO DE GASTOS

<b>OPERACIÓN CORRENTES</b>	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	48.786.316,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	36.430.332,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	309.101,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	30.384.107,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000.000,00 €
Total Operacións correntes	116.609.756,00 €
<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
Capítulo 6.- Inversións reais	12.699.910,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	45.487.285,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.401,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	727.119,00 €
Total Operacións de Capital	59.186.715,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>175.796.471,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

<b>OPERACIÓN CORRENTES</b>	
Capítulo 1.- Impostos directos	13.561.353,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.478.973,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.799.393,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	132.767.883,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	226.776,00 €
Total Operacións correntes	172.834.378,00 €
<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.061.593,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	900.000,00 €
Total Operacións de Capital	2.962.093,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>175.796.471,00 €</b>



### 1.3 RECURSOS HUMANOS

O persoal da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2022 é o seguinte:

Relación de emprego	PERSONAL 2022
Funcionarios de carreira	813
Laborais fixos	136
Persoal eventual	25
Corporación dedicacións exclusivas/parciais	16

### 2.- COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO INSTITUCIONAL

O presente Plan ten como obxectivo garantir e declarar que a Deputación Provincial de Pontevedra, como entidade executora e/ou xestora chamada a participar na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía Española, (PRTR), va a utilizar os fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) regulado polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas e éticas, con pleno respecto aos principios de integridade, obxectividade, proporcionalidade e honestidade no exercicio das súas funcións.

Os cargos electos e o persoal ao servizo da Deputación Provincial de Pontevedra comparten este compromiso, asumindo como deberes: velar polos intereses xerais- con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico- e actuar con arranxo aos principios de obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes, de conformidade co artigo 52 do





Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Deputación Provincial de Pontevedra porá en marcha todas as medidas que garantan a loita contra a fraude - baseadas na avaliación do risco de fraude-, e denunciará aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse a través das canles internas de notificación, en colaboración co Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) e con respecto ao principio de confidencialidade.

En definitiva, a Deputación Provincial de Pontevedra adopta unha política de tolerancia cero coa fraude, establecendo un sistema de control interno deseñado para prever e detectar, no posible, calquera actuación fraudulenta e, no seu caso, emendar as súas consecuencias, asumindo para iso os principios de integridade, imparcialidade e honestidade no exercicio das súas funcións.

Este Plan será de aplicación ao persoal funcionario e laboral, aos cargos electos, ao persoal directivo e ao persoal eventual ao servizo da Deputación Provincial de Pontevedra.

### **3. DEFINICIÓNS DE FRAUDE, CORRUPCIÓN, CONFLITO DE INTERESES E IRREGULARIDADE**

De conformidade coa Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión (Directiva PIF), e no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro da UE), a definición de fraude efectúase no marco da seguinte sistematización:

#### *3.1. Fraude.*

3.1.1. En materia de gastos enténdese por fraude calquera acción ou omisión intencionada relativa:

- A utilización ou á presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a percepción ou retención indebida de fondos ou



activos procedentes do orzamento xeral da Unión Europea ou de orzamentos administrados pola Unión, ou pola súa conta, así como os xestionados pola propia Deputación.

- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- O uso indebido deses fondos ou activos (desvío de fondos) para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial.

3.1.2. En materia de gastos relacionados cos contratos públicos, cando se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, calquera acción ou omisión relativa a:

- O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome, así como os xestionados pola propia Deputación.
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- O uso indebido deses fondos ou activos (desvío de fondos) para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión.

3.1.3. En materia de ingresos, calquera acción ou omisión intencionada relativa a:

- O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a diminución ilegal dos recursos do orzamento da Unión ou dos orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome, así como os xestionados pola propia Deputación.
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- O uso indebido dun beneficio obtido legalmente, co mesmo efecto.

### 3.2. *Corrupción activa.*



Aos efectos do presente Plan enténdese por corrupción activa a acción de toda persoa que prometa, ofrezca ou conceda, directamente ou a través dun intermediario, unha vantaxe de calquera tipo ao persoal funcionario, para el ou para un terceiro, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión ou da Deputación como entidade decisoria e/ou xestora dos fondos.

### 3.3. *Corrupción pasiva.*

Aos efectos do presente Plan enténdese por corrupción pasiva a acción dun/ha funcionario/a que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para el ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea ou da Deputación como entidade decisoria e/ou xestora dos fondos.

### 3.4. *Conflicto de intereses.*

De conformidade co disposto no artigo 61 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro), aos efectos deste Plan existirá Conflicto de intereses, *“cando os axentes financeiros e demais persoas que participan na execución do orzamento tanto de forma directa, indirecta e compartida, así como na xestión, incluídos os actos preparatorios, a auditoría ou o control, vexan comprometido o exercicio imparcial e obxectivo das súas funcións por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal”*.

Debéndose ter en conta que:

- É aplicable a todas as aplicacións administrativas e operativas do Orzamento Xeral da Deputación Provincial e dos seus entes vinculados e adscritos, e respecto de todos os métodos de xestión.
- Abarca calquera tipo de interese persoal, directo ou indirecto.
- Ante calquera situación que se “perciba” como un potencial conflito de intereses débese actuar.



As autoridades da Deputación Provincial de Pontevedra, de calquera nivel, deben evitar e/ou xestionar os potenciais conflitos de intereses.

### *3.5 Irregularidade.*

Aos efectos do presente Plan e de conformidade co disposto no artigo 1.2 do Regulamento nº 2988/95, do Consello, de 18 de decembro de 1995, enténdese por irregularidade toda infracción dunha disposición do dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico, que teña ou tería por efecto prexudicar o orzamento xeral da Unión Europea ou o orzamento da Deputación, ben sexa mediante a diminución ou a supresión de ingresos procedentes de recursos propios percibidos directamente por conta da Unión Europea, ben mediante un gasto indebido. A intención é o factor que diferencia á fraude da irregularidade.

## **4. COMISIÓN ANTIFRAUDE**

### *4.1 Composición.*

Para asegurar unha correcta aplicación das medidas antifraude na Deputación de Pontevedra, constituirase a Comisión Antifraude, de composición eminentemente técnica, sen prexuízo de que a Presidencia da mesma recaia en persoal corporativo, integrada por funcionarias e funcionarios con especial capacitación, formando parte da mesma, en todo caso, as persoas titulares dos postos de Secretaria Xeral, Intervención e Tesourería, ou funcionarios/as en quen deleguen, ademais do persoal responsable das unidades de Contratación, Cooperación e Recursos Humanos.

A designación dos membros da Comisión Antifraude realizarase mediante Resolución da Presidencia, asumindo as funcións de Secretario/a da Comisión o membro da mesma designado en representación da Secretaría Xeral.

### *4.2 Funcións da Comisión*

Á Comisión Antifraude asígnanselle as seguintes funcións:

- a) Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita prever e detectar as posibles fraudes.



- b) Definir a política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir e perseguir os intentos de fraude.
- c) Concienciar e propor accións formativas dirixidas ao resto de persoal da Deputación Provincial.
- d) Abrir un expediente informativo ante calquera sospeita de fraude, solicitando canta información enténdase pertinente ás unidades involucradas na mesma, para a súa oportuna análise.
- e) Estudar e dar resposta ás denuncias recibidas que expoñan condutas susceptibles de ser encadradas en calquera dos supostos de fraude ou similares recollidos neste Plan (caixa de correos de denuncias).
- f) Propor á Presidencia a resolución dos expedientes informativos incoados, ordenando o seu posible arquivo no caso de que as sospeitas resulten infundadas, ou a adopción de medidas correctoras oportunas si se chegase á conclusión de que a fraude realmente se produciu.
- g) Informar á Presidencia da Corporación das conclusións alcanzadas nos expedientes incoados e, no seu caso, das medidas correctoras aplicadas.
- h) Subministrar a información necesaria ás entidades ou organismos encargados de velar pola recuperación dos importes indebidamente recibidos por parte das persoas beneficiarias, ou propor a incoación das consecuentes sancións en materia administrativa e/ou penal.
- i) Levar un rexistro das mostraxes realizadas, das incidencias detectadas e dos expedientes informativos incoados e resoltos.
- j) Elaborar unha Memoria Anual comprensiva das actividades realizadas pola Comisión Antifraude no ámbito da súa competencia.
- k) Avaliar e revisar os procedementos de detección e corrección deseñados neste plan.

#### 4.3 *Réxime de reunións.*

Con carácter ordinario a Comisión Antifraude deberá reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para coñecer dos asuntos que lle son propios. Ademais destas reunións de carácter ordinario, poderá reunirse en calquera momento con carácter extraordinario,



cando algún dos seus membros así o solicite. A convocatoria será realizada cunha antelación de 48 horas e a mesma deberá ir acompañada dunha orde do día dos asuntos a tratar. Primarase a utilización de medios electrónicos en todo o relativo ao seu funcionamento.

Para todo o non regulado neste documento, o réxime do seu funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

## 5. IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN.

Se consideran factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude, propiamente ditas, no seo da organización, tales como:

### **Factores de risco externos:**

Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude  
Cambios reguladores importantes  
Cambios nos altos cargos da organización

### **Factores de risco internos ou institucionais:**

Ausencia dunha política adecuada que promova a transparencia e o comportamento ético  
Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión  
Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades  
Actividades con alto grao de discrecionalidade  
Procesos pouco informatizados

### **Factores de risco individuais:**

Relacións inadecuadas cos provedores/operadores  
Falta de experiencia ou de formación  
Inadecuada supervisión do traballo



**Factores de risco procedimentais:**

- Falta de manuais de procedementos
- Falta de transparencia na toma de decisións
- Falta de claridade na distribución de competencias
- Ausencia de controis verticais e horizontais dos procedementos.

Adicionalmente, pódense considerar riscos que provocarían os procesos máis susceptibles de sufrir fraude, segundo o ANEXO III. C.2.b) i E da Orde HFP/1030/2021, os seguintes:

- I. Identificación de operacións que son máis susceptibles da fraude, como poden ser aquelas con alta intensidade, alto orzamento, moitos requisitos para xustificar polo solicitante, controis complexos, etc.
- II. Identificación de posibles conflitos de intereses.
- III. Resultados de traballos previos de auditorías internas.
- IV. Resultados de auditorías da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, no seu caso.
- V. Casos de fraude detectados con anterioridade

En relación co anterior, a presente avaliación de riscos está dirixida inicialmente aos procesos clave do conxunto da organización provincial e a aqueles que se consideran máis vulnerables, sen prexuízo da posibilidade de estendelos a outros nun futuro próximo, de ser o caso.

Tendo en conta que a implantación do plan está supeditada ás previsións da Orde HFP/1030/2021 e que boa parte dos fondos do PRTR serán precisamente xestionados mediante o recurso a **actividade de fomento**-a través de axudas e subvencións- e coa realización de investimentos mediante a **contratación** de obras, subministracións e servizos, os riscos sobre os que cómpre facer maior fincapé son precisamente os que poidan acontecer nestas dúas áreas, algún dos cales, sen ánimo exhaustivo, se reflicten no seguinte cadro:

Ámbito	Risco
Contratación	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses
Contratación	Risco de adjudicación directa mediante uso indebido da contratación menor



Ámbito	Risco
Contratación	Risco de adjudicación directa mediante o uso indebido da contratación por exclusividade
Contratación	Risco de especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores
Contratación	Risco de manipulación de ofertas
Contratación	Risco de ampliación de contratos existentes para evitar a licitación
Contratación	Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais
Contratación	Risco de realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato
Contratación	Risco de non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución
Contratación	Risco de recibir prestacións deficientes ou de calidade inferior ás ofrecidas polo adjudicatario
Contratación	Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adjudicación directa
Contratación	Risco de vulneración do segredo das proposicións ou alteración das ofertas con posterioridade á súa presentación
Contratación	Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar
Contratación	Risco de trato de favor adeterminado/s licitador/es mediante o establecemento das prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adjudicación
Contratación	Deseñar pregos imprecisos con marxes de discrecionalidade innecesaria
Contratación	Risco de consideración inadecuada de criterios de solvencia
Contratación	Risco de valoración inadecuada de criterios subxectivos
Contratación	Risco de demanda de bens e servizos que non respondan a unha necesidade real
Contratación	Risco de non detección de prácticas anticompetitivas ou colusorias
Subvencións	Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses
Subvencións	Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións
Subvencións	Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á administración
Subvencións	Riscos de facturas falsas
Subvencións	Riscos de costes laborais falsos
Subvencións	Costes laborais prorrateados incorrectamente/ou duplicados en distintos proxectos
Subvencións	Costes reclamados en traballo de insuficiente calidade
Subvencións	Risco de dobre financiamento
Subvencións	Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes á aquelas para os que foron concedidos

Identificados os posibles riscos, efectuarase a súa avaliación e gradación de acordo coa metodoloxía que se expón a continuación.





Con carácter xeral, a cuantificación do risco basearase nunha combinación da estimación da «probabilidade» do risco (ata que punto é probable que aconteza) e o seu «impacto» (que consecuencias pode ter), reflectindo as seguintes táboas a valoración empregada:

#### Probabilidade de ocorrencia:

Valor	Probabilidade	Factores de gradación
9	Alta	Habitual
8		Todos os anos de forma moi recorrente
7		Todos os anos de forma recorrente
6	Media	Todos os anos máis dunha vez
5		Frecuencia anual (todos os anos unha vez)
4		Ocasional (menos dunha vez ao ano)
3	Baixa	Menos dunha vez cada dous anos
2		Remota. Menos dunha vez cada tres anos
1		Case nunca

#### Gravidade do impacto:

VALOR	GRAVIDADE	FACTORES DE GRADACIÓN
9	Alta	Uso indebido de cargos ou fondos públicos existindo ademais un beneficio particular. Indicio de infraccións penais ou administrativas graves que ocasionen danos reputacionais á institución
8		Incumprimento de obxectivos estratéxicos que afecten á imaxe institucional ou á prestación dos servizos
7		Uso irregular de cargos, fondos ou medios públicos con danos significativos ao patrimonio
6	Media	Indicio de infraccións penais ou administrativas menos graves con impacto moderado na imaxe da institución
5		Outros incumprimentos de normas administrativas
4		Uso irregular na utilización de medios públicos sen danos significativos ao patrimonio
3	Baixa	Indicio de infraccións penais ou administrativas leves que ocasionen pequenos danos na imaxe institucional reversibles a curto prazo
2		Incumprimento de obxectivos operativos
1		Irregularidades administrativas que non supoñan incumprimentos normativos nin afectación ao patrimonio



### Medidas que minoran o risco:

Nivel de implantación de controis existentes	Minoración no risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, ao menos ata onde existe coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non está implantada ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente eficaz	2
N4_Con medidas: A medida existe, e considérase eficaz	3

### Matriz de riscos:

Puntuación acadada	Gradación final do risco
Igual ou inferior a 3	Baixo
Maior a 3 e inferior a 7	Moderado
Igual ou maior a 7	Elevado

Probabilidade/Gravidade	Baixa	Media	Alta
Alta	Moderado	Elevado	Elevado
Media	Baixo	Moderado	Elevado
Baixa	Baixo	Baixo	Moderado

Trasladada esta metodoloxía aos riscos anteriormente expostos, **no anexo V** reflíctese a gradación dos mesmos no ámbito da Deputación Provincial de Pontevedra.

## 6. ESTRUTURACIÓN E DEFINICIÓN DAS MEDIDAS ANTIFRAUDE

Unha vez identificados e avaliados os riscos, corresponde determinar as medidas que, con carácter xeral, se van a adoptar para evitalos ou, no seu caso, minimizalos.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra articulará medidas adecuadas, proporcionadas e estruturadas ao redor dos catro elementos clave do ciclo de loita contra a fraude: prevención, detección, corrección e persecución, con arranxo á seguinte metodoloxía:



### 6.1 *Medidas de prevención.*

6.1.1. Avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave da execución do PRTR, a través dos seguintes mecanismos:

- a) Cuestionario de autoavaliación relativo ao estándar mínimo desenvolvido con arranxo ao anexo II.B.5 da Orde HFP/1030/2021 (Anexo I).
- b) Desenvolvemento dunha cultura ética e aprobación dun código de conduta dos empregados públicos (Anexo II).

A Deputación Provincial de Pontevedra fomenta os valores de integridade, obxectividade, rendición de contas e honradez, comprometéndose a reforzar o código de conduta que deben cumprir todas e todos os empregados públicos, o cal determinará o comportamento esperado ante posibles circunstancias que puidesen dar lugar a fraude, baseándose os seus principios nos seguintes compromisos de conduta:

- Cumprimento rigoroso da lexislación aplicable.
- Uso adecuado dos recursos públicos.
- Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.
- Transparencia e bo uso da información.
- Trato imparcial e non discriminatorio a beneficiarios/as.
- Salvagarda da reputación da Deputación Provincial na xestión de Fondos.

O código de conduta dos empregados públicos inclúese no anexo II.

Este código ético publicarase na páxina web da Deputación Provincial para o seu xeral coñecemento e darase traslado a todo o persoal ao servizo da Corporación.

- c) Plan de Formación e concienciación para todos os membros da Deputación Provincial de Pontevedra e implicación das autoridades da organización.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a organizar cursos e charlas formativas sobre diferentes temáticas en relación coa fraude e a corrupción coa finalidade de capacitar ao persoal cunhas aprendizaxes que axuden a detectar e prever o comportamento pouco ético do uso dos fondos públicos e, polo tanto, a potencial fraude.



As accións formativas, que deben dirixirse a todos os niveis xerárquicos, articularanse en dúas liñas: unha formación máis especializada para os integrantes da Comisión Técnica e da Comisión Antifraude, e máis xeneralista para o resto dos xestores implicados na tramitación dos fondos UE.

A formación incluírá reunións, seminarios, grupos de traballo, que fomenten a adquisición e transferencia de coñecementos. Centraranse na identificación e avaliación de riscos, establecemento de controis específicos, actuación en caso de detección de fraude, casos prácticos de referencia etc...

Así mesmo, a Deputación comprométese a implicar ás autoridades da organización que deberán manifestar un compromiso firme contra a fraude e comunica-lo con claridade, e desenvolver un enfoque pro-activo e eficaz na toma de decisións para xestionar o risco de fraude.

#### 6.1.2. División de funcións nos procesos de xestión, control e pago.

No ámbito da organización da Deputación producirase un reparto claro e segregado de funcións e responsabilidades nas actuacións de xestión, control e pago, evidenciándose esa separación de forma visible.

#### 6.1.3 Mecanismos para a avaliación do risco de fraude.

Tal e como se reflicte no apartado 5, a Deputación de Pontevedra ten establecido un mecanismo adecuado de avaliación do risco para todas as medidas xestionadas, deixando evidencia do mesmo, en busca das partes do proceso máis susceptibles de sufrir fraude e controlalas especialmente.

#### 6.1.4. Os sistemas internos de control e a análise de datos.

Establecerase un sistema de control interno eficaz, adecuadamente deseñado e xestionado, con controis que se centren en paliar con eficacia os riscos que se identifiquen, potenciando a autoavaliación de riscos.

#### 6.1.5. Cruzamento de datos con outros organismo públicos ou privados.



Análise de datos. Dentro dos límites relativos á protección de datos, realizarase un cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados que permitan detectar posibles situacións de alto risco, mesmo antes da concesión dos fondos. Uso de bases de datos de rexistros mercantís, da Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP), Base de Datos Nacional de Subvencións (BNS), bases de datos de puntuación de riscos (ARANHNE), Rexistros e Bases internas.

## 6.2. Medidas de detección.

### 6.2.1. Uso de bases de datos

Toda a documentación (incluída a declaración de ausencia de conflito de intereses) poderá ser verificada con:

- Información externa (por exemplo, información proporcionada por persoas alleas á organización que non teñen relación coa situación que xerou o conflito de intereses ou coa actuación obxecto de verificación)
- Comprobacións realizadas sobre determinadas situacións cun alto risco de conflito de intereses, baseadas na análise de riscos internos ou bandeiras vermellas (véxase apartado seguinte).
- Controis aleatorios, a través das Bases de datos especificadas no punto 6.1.5.

### 6.2.2. Definición de indicadores de fraude ou sinais de alerta.

Faise necesario asegurar que os procedementos de control focalicen a atención sobre os puntos principais de risco de fraude e nos seus posibles fitos ou marcadores. A simple existencia deste control serve como elemento disuasorio á perpetración de fraudes.

Nesta liña de procura de indicios de fraude, a Comisión Europea elaborou un catálogo de signos ou marcadores de risco, denominados “bandeiras vermellas”<sup>1</sup>. Este catálogo será tido en conta polos centros xestores da Deputación Provincial de Pontevedra, recolléndose no anexo III as máis utilizadas na UE.

---

<sup>1</sup> Véxase o anexo I da nota informativa da Comisión Europea sobre indicadores de fraude para o FEDER, o FSE e o FC (Mecanismos de fraude comúns e recorrentes e os seus correspondentes indicadores).



### 6.2.3. Procedemento para a súa aplicación efectiva.

En caso de detección dunha posible fraude, ou a súa sospeita fundada, o funcionario ou funcionaria deberá poñelo en coñecemento da Comisión Antifraude que o estudará e, no seu caso, poderá:

